




Área / Unidad GESTION ADMINISTRATIVA MEDIO AMBIENTE MA1000 APC	Documento 54113103ZI
Código de verificación  0R06 2E6Z 080A 6B0Y 0Q0O	Expediente 541/2018/1890
	Fecha 05-06-2019

Asunto INFORME TÉCNICO SOBRE AS OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS NO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A "PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN E COMUNICACIÓN AMBIENTAL"	Interesado
---	------------

INFORME TÉCNICO SOBRE AS OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS NO PROCEDEMENTO ABERTO CON DIVERSOS CRITERIOS DE VALORACIÓN PARA A "PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN E COMUNICACIÓN AMBIENTAL" (EXP. 541-2018-1890)

A Mesa de Contratación reuniuse o día 23/05/2019 para estudar o informe de valoración das ofertas económicas que se presentaron ao procedemento aberto para adjudicar o contrato para a prestación do servizo de actividades de educación e comunicación ambiental, segundo se recolle na acta da sesión, os membros da Mesa de Contratación acordaron por unanimidade dar por válido o dito informe.

A Mesa de Contratación identificou a existencia de baixa desproporcionada presentada pola empresa PUERTAS AFUERA COMUNICACIÓN MEDIOAMBIENTAL Y CULTURAL, S.L., e acordou, por unanimidade, dar audiencia á dita empresa para que xustifiquen polo miúdo a baixa desproporcionada da súa oferta económica. Os valores anormais ou desproporcionados atopáronse nos prezos seguintes:

CONCEPTO	Precio pliego	Oferta Puertas Afuera	Diferencia (%)
Precio hora de monitor/a (laborable y diurno)	16,35 €	15,40 €	5,81%
Precio hora de monitor/a (festivo y diurno)	23,00 €	17,72 €	22,96%
Precio publicación digital pdf	172,50 €	5,00 €	97,10% B.T
Precio unidad póster`	0,575 €	0,27 €	53,04% B.T
Precio unidad folleto	0,575 €	0,36 €	37,39% B.T
Precio guías didácticas	2,875 €	0,91 €	68,35% B.T
TOTAL	215,88 €	39,66 €	81,63% B.T

De acordo co disposto na cláusula 31ª do prego regulador do procedemento administrativo, a empresa licitadora terá que xustificar que os prezos ofertados non inciden negativamente no cumprimento dos compromisos sociais asumidos contrato, así como que estes respecten os dereitos laborais dos/as traballadoras/es que se asignen a súa execución, concretamente, no relativo a



salarios, horarios, estabilidade laboral e convenios colectivos; así mesmo, garantir a calidade da prestación que van desenvolver da prestación a desenvolver e satisfacer os intereses xerais.

XUSTIFICACIÓN DA LICITADORA

Dentro do prazo previsto e nos termos establecidos, a licitadora PUERTAS AFUERA COMUNICACIÓN MEDIOAMBIENTAL Y CULTURAL, S.L presentou un informe coa xustificación da baixa, sendo as claves da súa argumentación:

- Que fixeron unha análise das partes do prego nas que podía resultar máis beneficiosa (maior puntuación) a ecuación desconto en prezo/valor en puntos. Froito desta análise determinaron que o custo económico do material para editar cruzado coa rendibilidade en puntos da oferta era un valor moito máis alto que outras partes. É dicir: se axustabamos nesta parte os prezos obteríamos máis puntos, con menor custo económico, e sen comprometer o solicitado no prego.
- Que o importe dos catro apartados é de 8.650,00 €, para un total de 77.402,00 €, o que supón un 11,17% do total do orzamento base de licitación (sen gastos xerais e beneficio industrial).
- Que os catro prezos que requiren xustificación forman parte dun todo, xunto co Prezo Hora Monitor Laborable e o Prezo Hora Monitor Festivo, denominado “suma total de prezos unitarios”.
- Que apostaron por manter o salario dos educadores por encima do convenio colectivo (ademais supón o groso do importe económico total da partida) e facer unha baixa máis elevada nos outros puntos, considerando os prezos de mercado. Os importes máximos e ofertados desagreganse na táboa (que se reproduce de seguido).
- Que a diferenza no importe económico ofertado fronte ao de licitación é escaso (46.077,20 € fronte 51.637,30 €), sendo unha baixa do 10,77%, polo que resulta imposible que poida comprometer unha correcta execución do proxecto ou a súa viabilidade, como se poder ver na táboa inferior.

Táboa

Concepto	Precio máximo	Precio P. Af.	Importe total licitación	Importe total P. Af.	Diferencia
Precio Hora Monitor Laborable	16,35	15,40	37.089,80 €	35.543,20 €	1.546,60 €
Precio Hora Monitor Festivo	23,00	17,72	4.600,00 €	3.544,00 €	1.056,00 €
Precio Publicación digital PDF	172,50	5,00	1.035,00 €	40,00 €	995,00 €
Precio Unidad Póster	0,575	0,27	1.437,50 €	810,00 €	627,50 €
Precio Unidad Folleto	0,575	0,36	4.600,00 €	4.320,00 €	280,00 €
Precio Guías Didácticas	2,875	0,910	2.875,00 €	1.820,00 €	1.055,00 €
Suma Total de Precios Unitarios Ofertados	215,875	39,660	51.637,30 €	46.077,20 €	5.560,10 €



CONCLUSIÓNS

Unha vez analizado polo miúdo o documento xustificativo achegado por PUERTAS AFUERA COMUNICACIÓN MEDIOAMBIENTAL Y CULTURAL, S.L, compróbase que, efectivamente, atendendo á suma total de prezos unitarios a baixa é só dun 10,77% respecto do prezo total de licitación.

Ademais, achegan razoamentos solventes e acreditados sobre os motivos polos que poden ofertar os prezos que indican en relación ás publicacións dixitais en PDF, posters, folletos e guías didácticas.

En consecuencia, estímase que explican axeitadamente que os prezos ofertados non incidirán negativamente no cumprimento dos compromisos sociais asumidos no presente contrato, respectan os dereitos laborais dos/as traballadoras/es que se asignen a súa execución, concretamente, no relativo a salarios, horarios, estabilidade laboral e convenios colectivos; así mesmo, garanten a calidade da prestación que van desenvolver e os intereses xerais.

Polo exposto, estímase suficientes e satisfactorias as explicacións presentadas, dando por válida a súa oferta.

A Coruña,
[na data de sinatura dixital que consta neste documento]

Antón Pérez Cribeiro
Biólogo